



## COMUNICACIÓN DE FOLGA ÁS FAMILIAS

María Rosario Alonso Casas, directora do IES Cosme López Rodríguez,

### INFORMA:

1. O centro ten coñecemento da convocatoria dunha folga de estudantes para todas as etapas e niveis educativos o día 08 de marzo durante toda a xornada lectiva. A organización convocante é o Sindicato de Estudantes e o motivo da folga: Folga estudiantil feminista, rexeitamento da violencia machista e loita pola igualdade real entre mulleres e homes.

2. O alumnado menor de idade deberá ter a conformidade dos seus pais, nais ou titoras/es legais para secundar a folga, expresada a través dunha mensaxe á persoa titora enviada por abalar que poña:

- “Autorizo que o meu fillo ou filla (nome e apelidos) secunde a folga convocada para o día 08 de marzo de 2023” (alumnado de 1º e 2º ESO, Anexo II).
- “Son coñecedor que o meu fillo ou filla (nome e apelidos) vai a secundar a folga convocada para o día 08 de marzo de 2023” (alumnado 3º ESO en adiante, Anexo III).

Esta comunicación deberá facerse cunha antelación de como mínimo 48 horas á data da folga.

3. No caso de participar na citada folga, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das clases, o alumnado non deberá asistir ao centro.

4. No caso de que o alumnado decida asistir ao centro non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade.

5. Se o alumno entra no recinto do centro, non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.

A directora

María Rosario Alonso Casas

